

MOCIÓN CONXUNTA SOBRE A PLANTA DE RECICLAXE DA CASALONGA

O Concello de Teo ten constancia que a empresa Toysal SL ten intención de instalar unha planta de xestión de residuos na antiga canteira na Casalonga e que, con este fin, presentou diante da Xunta de Galicia, no pasado mes de decembro, a solicitude de Autorización Ambiental Integrada, solicitando, ao mesmo tempo, que o Concello emitise o informe de compatibilidade urbanística.

O Concello de Teo considera que a solicitude deste informe deu pé a que o Concello requirise da promotora copia do proxecto, coñecendo así as características básica dunha planta que, nunha primeira valoración técnica, vai ter unha grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais que se sitúan nunha ampla zona ao seu arredor.

Dado que nos últimos anos a Xunta de Galicia promove lexislación que provoca a progresiva liberalización e desregularización das actividades e usos do solo rústico, en especial a Lei 2/2016, do solo de Galicia, con consecuencias graves e moi perigosas para o noso termo municipal, como neste caso ou no caso das pirotecnias, por todos xa coñecidos.

Á vista do proxecto, e preocupados polo impacto que podía ter unha instalación destas características preto dunha zona residencial e cunha alta densidade de poboación, dende o Concello convocouse á veciñanza o día 15 de maio para informar dos datos que se teñen ata o momento.

A veciñanza teense reaccionou rapidamente coa creación dunha plataforma, denominada "*Plataforma Casalonga limpa de residuos*" que xa está a dar os seus primeiros pasos na mobilización veciñal contra esta instalación.

Como resultado do falado na Xunta de Portavoces do día 24 de maio, tras amosar todos os e as portavoces municipais a súa inqueda ante a posible instalación desta planta na Casalonga, o seu rexeitamento a este tipo de instalacións no solo

rústico do noso Concello, así como o seu desexo dunha acción conxunta e coordinada municipal, o Pleno do Concello de Teo

ACORDA:

Primeiro.- Rexeitar que a instalación de xestión e tratamento de residuos sexa unha actividade permitida en solo rústico, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Segundo.- Adoptar todas as medidas necesarias, de forma conxunta e coordinada, desde un punto de vista tanto institucional como administrativo e respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación desta planta de reciclaxe na Casalonga.

Terceiro.- Solicitar unha reunión co presidente da Xunta de Galicia, coa conselleira de Medio Ambiente, e cos portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia co fin de expor as causas deste rexeitamento, na que participarán os e as portavoces municipais locais, así como unha representación, se así o desexan, dos veciños e veciñas afectadas.

Cuarto.- Reclamar ao goberno galego os cambios lexislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

Quinto.- Amosar o apoio ás veciñais e veciños afectados e apoiar as súas reivindicacións destinadas a defender os seus dereitos e a súa calidade de vida e poñer á súa disposición os medios e os recursos para informalos e asesoralos.

Teo, 30 de maio de 2018

Polo PsdG/PSOE

Por Son de Teo/Anova

Polo BNG

Polo PP